

A publicación desta obra contou coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística.

FUNDACIÓN “PACO LAREO - A SOLAINA DE PILOÑO”

Piloño - 36586 / Vila de Cruces (Pontevedra)

Teléfono: 986 586 006 / Movi: 619 891 743

e-mail: info@asolaina.org / web: www.asolaina.org

asolaina.blogia.com

PRESIDENTA

Carmen Lareo Morao

VICEPRESIDENTE

Armindo Salgueiro Pájaro

SECRETARIO

Andrés Lareu López

PATRONOS

Damián S. Payo Cangado “Paío”

Lucia Dubra Ríos

Xabier Vázquez Parcerio

Xosé Vispo Montero

Concello de Vila de Cruces

COORDINACIÓN

A Solaina

MAQUETACIÓN E DESEÑO

Paío

Marcaxe Deza S.L.

FOTOGRAFÍA

A Solaina

EDITA

Xunta de Galicia

IMPRIME

Marcaxe Deza S.L.

D.L.:

ISBN:



Monumento a Paco Lareo na Fundación

AGRADECEMENTOS:


XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Cultura
Dirección Xeral de Política Lingüística

Concello de Vila de Cruces

Museo "Ramón M^a Aller" de Lalín

Forxadores de "A Soliana" de Piloño

A tódolos participantes nas distintas actividades da XII Forxa Literaria



O Vilo

RAMÓN DE VALENZUELA
IDEAS LIBRES, LIBRE TERRA

A Fundación Paco Lareo - A Solaina de Piloño e a Xunta de Galicia, a través das Secretarías Xerais de Cultura e de Política Lingüística dedican este libro, donde se recollen as actividades da XII forxa Literaria, a Ramón de Valenzuela



A Presidenta da Fundación Carmen Lateo,
abre as xornadas dedicadas a Ramón de Valenzuela.
Acompañana no acto (de esquerda a dereita)
Jesús Otero, Rafael Cuiña, Román Rodríguez,
Xesús Alonso Montero, Xosé Crespo e Valentín García

Ramón de Valenzuela (en realidade sobre el e sobre María Victoria Villaverde, a súa esposa e compañeira)

PALABRAS DE HOMENAXE

Xesús Alonso Montero
Presidente da Real Academia Galega

A Fundación Paco Lareo, de Piloño, unha vez máis, organiza un encontro para homenaxear a un home de Letras case veciño, de Bandeira: Ramón de Valenzuela Otero. De Valenzuela fun amigo e camarada e sempre admirador, onte e hoxe. Enterrámolo en Adina (Sanxenxo) en outubro de 1980, e recordo a emoción dos camaradas e amigos na hora do sepelio, entre eles, o escritor Armando López Salinas, que nos deixou hai pouco. Naquela ocasión dixeran, ante o compañeiro que acababa de falecer case na flor da vida, ós sesenta e cinco anos, estas palabras que algún xornal recolleu:

Foi, na súa vida, un home “bo e xeneroso”, moi xeneroso, e na súa militancia estivo sempre “cos que sofren a historia” (o termo –perifrástico- é de Camus). Quizais un pouco inxenuo (como tódolos seres moi bondadosos), tiña os ollos claros e, ademais de crer afervodamente nas cousas, transmitía esperanzas. Acotío lembro os ollos esperanzados de Valenzuela, aquel ollar ledo e optimista. Lembro tamén a súa paixón, nunca embazada pola xenreira.

Sei que, antes e despois de 1936, foi un orador de éxito, e foino porque había nel unha mestura de ilustración e pobo, de home culto nunca alleo ós acentos da xente do común. Pero eu, convidado a falar de Valenzuela no seu centenario (1914-2014), de feito, son incapaz, na miña evocación, de omitir á súa muller, a María Victoria Villaverde (Vilagarcía, 1922). Foi moito máis que a súa esposa: foi a com-pañeira, a gran compañeira, e, como tal, comeu do seu pan e deulle do seu pan, un pan, tantas veces, nunha vida, a de Ramón de Valenzuela, moi difícil. Sabido é que na vida, ás veces case cinematográfica, de Valenzuela hai guerra, cadea, sufrimentos e exilio, o exilio que compartiron na Arxentina durante anos. Uniunos o amor e as ideas, a lealdade á República e a machadiana bondade de Ramón.

María Victoria Villaverde, filla de Elpidio Villaverde, deputado polo Frente Popular na provincia de Pontevedra en 1936, deixounos unha novela memorialística, *Tres tiempos y la esperanza*, que, malia ás súas tres edicións, a crítica aínda non a valorou con xusteza. Publicouna en 1962 a editorial Alborada (Buenos Aires), adscrita á Federación de Sociedades Gallegas, a institución española da diáspora máis belixerante co réxime de Franco. De feito, esa institución, que arriou a bandeira republicana hai pouco, segue a pensar en tricolor. Na Federación traballaron con entusiasmo e eficacia Ramón e Mariví (este é o hipocóristico de María Victoria). Alí, Mariví e Ramón fixeron teatro, recitaron poemas e organizaron actividades culturais a favor dos presos políticos de Burgos, Carabanchel, Ocaña..., un deles, Marcos Ana (23 anos nas mazmorras franquistas!), acollido pola Federación cun clamor de ecos aínda inextintos. Con Marcos Ana estaban Mariví, Ramón, Aberto Quesada, Alberto Portas, Paco Lores, Fuentes...

Ramón e Mariví traballaron moito no órgano (mensual) da Federación, Galicia, periódico máis temido pola policía galega que o mesmísimo Mundo Obrero. Fixérono cando eran galeguistas de esquerdas e, sobre todo, desde 1962, data na que ingresaron no Partido Comunista de España.

Na Federación, Ramón de Valenzuela desenvolveu unha importantísima actividade teatral, como director, autor e tradutor. Foi un éxito a tradución galega de A camisa, o drama no que Lauro Olmo denunciaba as eivas da emigración.

Desde hai algúns anos non se reeditan as novelas de Valenzuela, nin sequera Non agardei por ninguén, novela autobiográfica na que o autor conta cándoo e cómo se pasou do Exército de Franco ó Republicano. Tal relato, obviamente, era impublicable, no ano 1957, na España das gadoupas censorias de Franco. Foi o seu editor Luís Seoane, o gran Seoane, que creou, en Buenos Aires, a editorial Citania para publicar textos como a novela de Valenzuela. En Citania apareceu, no ano 1959, A esmorga, de Eduardo Blanco-Amor, esa páxina ilustre da narrativa europea do XX. Un ano antes fora prohibida pola inquisición literaria de Madrid.

Desde hai catro anos, desde 2011, existe un volume de estudos que fai xustiza á obra –e á vida- de Ramón e Mariví. Titúlase Dos vidas y un exilio. Ramón de Valenzuela y María Victoria Villaverde e foi publicado, en Madrid, pola Universidade Complutense. Coordinaron a edición do volume dúas profesoras da Facultade de Filoloxía, Carmen Mejía Ruiz e María Victoria Navas, moi vencelladas á revista de estudos galegos Madrygal,

que xa ten publicado vinte números. Os outros colaboradores (Ana Acuña, Begoña Regueiro...) teñen estreita relación con esta revista; tamén eu, que publico neste volume colectivo un informe político que fixo, para o Partido, Ramón cando, en 1965, veu tentar o terreo para detectar se se daban as condicións mínimas para regresaren, el e Mariví, á Terra. Así o fixeron un ano despois. Eu, na miña colaboración, limítome a exhumar e anotar este documento clandestino que contén observacións políticas e culturais de sumo interese. Beizón para o elenco de profesoras que idearon, organizaron e redactaron este volume, especialmente importante porque, para el, Mariví achegou textos, documentos e iconografía de notable importancia.

Como amigo e camarada de Ramón de Valenzuela, agradezo moi fondamente á Fundación Paco Lareo (A Solaina de Piloño) a idea e a realización dunha mesa redonda na que tiveron a honra de falar á beira de Valentín García Gómez, Xan Leira, Manuel Iglesias, Mario Pereira e Xosé Neira Vilas, que tanto o tratou e admirou. Beizón para a Solaina de Piloño!

Neste momento teño na memoria uns versos de Ana Caxiao recitados minutos antes do sepelio de Ramón de Valenzuela:

Pra ti, Ramón, máis que un poema,
unha cantiga de berce che fago.
Pra ti os contos dos labregos
pra ti, os cantos dos paxaros,
pra ti, a choiva do inverno,
raiolas do mes de maio,
e os bicos, dos máis amigos,
que loitaron ó teu lado.

Xesús Alonso Montero
Presidente da Real Academia Galega



O Concelleiro de Cultura, Román Rodríguez e a Presidenta da Fundación, Carmen Lareo descubren o alto relevo de Ramón de Valenzuela. Obra autoría do escultor “O Vila”

RAMÓN DE VALENZUELA, UN GALEGO DA CASA DA VIÑA

Tan descoñecido polo gran público como admirado por unha selecta minoría, Ramón de Valenzuela foi durante moito tempo unha simple nota ao rodapé da historiografía cultural e política galega; un triste e inxusto destino que, grazas a múltiples iniciativas individuais, académicas e cidadáns, se logrou corrixir nos últimos anos. Felizmente, saíu vitoriosa, como non podía ser doutra maneira, a luz da razón e da xustiza, e no camiño estamos de recuperar e situar no lugar que lle corresponde unha biografía que constitúe un paradigma admirable de compromiso ético coas causas xustas e necesarias que o galeguismo soñou e proxectou para Galicia dende os inicios do século XX. Bo exemplo disto é o feito de que xa non se pode considerar exigua a bibliografía que sobre el existe na actualidade.

Como ben saben vostedes, Ramón de Valenzuela asumiu, dende moi novo, moitos dos compromisos que haberían de ser a estrela que o guiase no seu periplo vital. Non tratarei de enumeralos, pois foron múltiples e abordaranse con detemento moitos deles neste foro, senón que me limitarei unicamente a centrar a miña atención naquel que vai ser o obxecto da miña pequena disertación aquí. Estoume a referir ao compromiso coa lingua.

Certamente, ninguén pode poñer en cuestión que o compromiso de Ramón de Valenzuela coa lingua galega foi sincero e perenne. Chama inicialmente a atención o feito de que acolle este facho moi novo, sendo practicamente un mozote, a pesar de que as circunstancias “socio-

familiares”, polo menos ata onde sabemos, non eran as máis propicias, ou iso é o que debemos sospeitar. Nado nun pazo e fillo dun médico, sabemos, por boca da que foi a súa dona, María Victoria Villaverde, que o neno Ramón “foi de toda a vida absolutamente bilingüe”, porque aprendera o galego cos fillos dos caseiros da casa e estes “falaban en galego i el falaba galego con eles” (Navas 2011:27), o que, ao mesmo tempo, nos fai deducir que a lingua de comunicación familiar era o castelán. O estudoso Modesto Hermida infórmanos na súa introdución á edición de Xerais de Non agardei por ninguén (1989), de que, con a penas 16 anos, o adolescente Ramón de Valenzuela, nunha caseta do pai na que había pintada unha bandeira de Galicia, impartíalles en galego clases informais a persoas adultas. Certamente, o noso protagonista mostraba xa na adolescencia a grande sensibilidade social que o caracterizaría durante toda a súa vida. No entanto, quixera como o sería , pero se nos detemos no feito de que xa bilingüe dende cativo aprendeunha anécdota Nado nun pazo e fillo dun médico, sabemos e procedendo dunha familia potente. Está por dilucidar cando e en qué circunstancias prendera nel a semente do galeguismo, no sentido máis primario ou menos elaborado desta liña de pensamento estudos como o da profesora Carme Mejía que no seu fantástico libro Dos vidas y un exilio. Ramón de Valenzuela y María Victoria Villaverde. Estudio y antología. Publicado en Madrid pola Editorial Complutense, e que supuxo un gran avance respecto ao coñecemento da vida e obra de dous grandes intelectuais que decidiron unir as súas vidas nun destino compartido.

Pertenzo a unha familia que por parte paterna tivo moita relación coa Casa da Viña e polo tanto con toda a familia Valenzuela. Meu avó Manuel,

que aparece como personaxe secundario en “Eran tempos de apandar” e miña avoa Virtudes coñecéronse sendo criados no pazo de D. Pepe da Viña, o médico da familia. E de todos eles se garda no acervo familiar un sentimento de se gardou un recordo de respecto, afecto e admiración, pero a Ramón hai que engadirlle a expresión de quen traballou intensamente por aquilo no que cría, por mellorar a vida de todos os seus semellantes. Por ser, en definitiva, un home bo.

Valentín García

O MEU AMIGO RAMÓN

Ramón de Valenzuela e mais eu fomos amigos cando ambos viviamos en Buenos Aires. Presenteino en dúas conferencias que ofreceu para as nosas Mocidades Galeguistas; colaborou no noso periódico *Adiante*. Xuntos organizamos a conmemoración dos 150 anos da creación do Tercio de Voluntarios Galegos que actuou na defensa da capital arxentina cando foi invadida polos ingleses; ambos fomos candidatos a representantes pola Agrupación A Terra, do Centro Galego, e saímos elixidos; participei nas sesións de teatro lido que el organizou no Centro Pontevedrés (recordo a súa peza *As bágoas do demo*, así como *A camisa*, de Lauro Olmo, e *O casamento do latoeiro*, do irlandés Synge). Colaborei no Ateneo Curros Enríquez, da Federación de Sociedades Galegas, que el dirixía. Temos estado con el e con Mariví, e cos dous fillos, daquela uns nenos, no seu fogar do pobo suburbán de Castelar, e eles visitáronnos moitas veces na nosa casa de Asunción 3035, onde tamén radicaba a sede de Follas Novas.

Ramón, consecuente co seu ideario patriótico de sempre, tiña a Galicia como centro das súas inquedanzas e das súas loitas. Decía que el amaba e defendía a súa patria con razón, sen razón e incluso en contra da razón. Pertencía á Irmandade Galega e colaboraba moi seguido en *A nosa terra* (onde publicou unha extensa entrevista que me fixera sobre as actividades e os proxectos futuros da nosa editorial e distribuidora do libro galego).

El e Mariví, e tamén o pai dela, Elpidio Villaverde, que tiña sido deputado por Izquierda Republicana durante a República, asistiron a cea de despedida que nos ofreceron (uns días antes de que Anisia e mais eu marchásemos para Cuba) con Seoane, Díaz Pardo, Laxeiro, Dieste e Carmen, Núñez

Búa e moitos outros. (Algúns amigos, de boa fe, teimaban para que non deixásemos Buenos Aires. Ramón, xunto con Seoane, Isaac, Dieste e outros, en cambio, insistían en que no deberíamos deixar pasar aquela fermosa aventura de participar na construción dunha nova sociedade.)

Dous anos despois da nosa viaxe á Habana, el, Mariví e os fillos voltaron ó eido orixinario. Vivían regularmente en Madrid, onde nos reencontramos en 1972, no seu fogar da avda. do Mediterráneo. Despois veriamos máis veces. Lamentablemente morreu novo. Con Mariví seguímonos comunicando. Agora, tras da morte de Anisia, en 2009, comunícome eu, e incluso nos vemos persoalmente cando vén a Galicia.

Foi unha parella exemplar. Galeguistas, demócratas, solidarios sempre cos que padecen represión e abusos. Persoas de ben.

Foi un acerto que Ramón fose homenaxeado pola Solaina de Piloño. Non só o merecía pola súa incuestionable e exemplar traxectoria, senón tamén porque era veciño moi querido, dado que nacera na Bandeira, en terras do concello de Silleda.

Xosé Neira Vilas



Fálannos de Ramón de Valenzuela,
de esquerda a dereita:
Manuel Igrexas, Xesús Alonso Montero,
Xosé Neira Vilas, Valentín García e Mario Pereira

MARIO PEREIRA

Homenaxe a Ramón de Valenzuela na Fundación “Paco Lareo”

Boa tarde:

Permitídemme que as miñas primeiras palabras vaian para M^a Vitoria Villaverde. É a primeira vez que non nos (a Manolo e a min) acompaña nun acto publico e aberto sobre Ramón de Valenzuela. Mariví, unha muller intelixente, lúcida, comprometida e moi bela, estivo connosco nas presentacións que hai anos fixemos da nosa edición de *O Naranxo* e transmitiunos moi vivamente a intensidade coa que se consagraba á difusión da obra de Ramón. Lémbroa pois coa emoción nacida naqueles días e o desexo de vela pronto por estas terras.

Escoitamos a lectura do relato ***O Naranxo***, na voz de Tamara Soto, e asistimos á excelente aproximación á figura de Valenzuela, a través do vídeo de Xan Leira .

Iso permítteme centrarme nalgún aspecto literario e aproveitar –fágoo sempre que teño oportunidade- para lamentar a falta de normalidade coa que a estas alturas se contempla a figura literaria de Valenzuela. A análise da mesma, lonxe de estar ben cifrada e asentada na nosa historia literaria (e no noso canon), está pouco máis que reducida a unha circunstancia lateral: nos nosos manuais Valenzuela é despachado coa afirmación de que é el, con *Non agardei por ningún*, quen inaugura a novela

autobiográfica ambientada na Guerra Civil. Pouco máis atoparedes.

Trátase dun reduccionismo que, ademais de ser inxusto coa dimensión da obra literaria de Valenzuela, entorpece e empobrece a súa lectura.

Valenzuela escribe e vive desde un dobre compromiso: o ideolóxico e o artístico. O primeiro expresase na súa tripla militancia: agrarista, galeguista e comunista. O segundo na súa expresión literaria.

O percorrido vital de Ramón é tan rico e “novelesco” que mesmo semella querer absorber os méritos da obra. Pero non debemos confundir vida e obra. Ramón utiliza as súas vivencias e os seus pensamentos nas súas novelas, pero non fai autobiografía, fai literatura.

Certo é que os protagonistas das súas novelas e dalgúns dos seus relatos recollen experiencias da vida de Valenzuela, pero tamén o fan (no terreo ideolóxico) outros personaxes.

Por exemplo, nos inicios de ***Non agardei por ninguén***, Valenzuela diseña tres personaxes: Gonzalo de Ozores, o protagonista (galeguista), tantas veces “identificado” co autor, Fiz (agrarista) e Manuel Díaz (“*comunista quimicamente puro*”). Cal deles é máis “identificable” co autor? Cal das ideoloxías é a dun Valenzuela que integrou as tres e que aquí aparecen mostrando puntos de vista diferentes?

Se nos poñemos a procurar referencias autobiográficas ou ideolóxicas na obra de Valenzuela, igual temos que concluír que a súa personalidade e experiencia(s) se irisa en múltiples personaxes. E de situármonos aquí,

mesmo poderíamos seguir un novelo (que non vou desenredar agora) que nos conduciría a que quen mellor representa a posición de Valenzuela ante o mundo é xustamente o Naranxo.

Ora ben, se ningún dos personaxes de Ramón son Ramón, tampouco O Naranxo, personaxe presente en todas as súas obras, non é Manuel González Ferradás, o máis famoso dos tolos de Lalín, nado en Santiso en 1879 e finado na Xesta en 1945.

Dixen que non ía desenredar nada, pero espero que vos enredara algo con este xogo de historia e ficción, de Ramón e O Naranxo, de Manuel González e Gonzalo de Ozores, de Ozores e Valenzuela... e... . A ver se me explico:

Valenzuela escribe desde unha comprensión da existencia e desde unha ideoloxía ben definidas. A súa literatura faise desde o compromiso e desde a análise da realidade. Pero, de igual modo que non fai autobiografía, tampouco fai ensaio ou análise política. Vaiamos ao Naranxo.

O tal das botas, forma parte da memoria da maior parte dos dezaos que andamos dos cincuenta en diante. Utilizamos as expresións “*cousas do Naranxo*” ou “*contas do Naranxo*” para indicarlle a alguén que está esaxerando máis do que a miña medida das cousas é quen de aceptar. Escoltamos diversas historias atribuídas a el e, no meu caso tantas, que, de pequeno, pensaba que non existira nunca, que era un personaxe dos contos.



Tamara Soto, lee o relato "O NARANXO" de Ramón de Valenzuela

Non me resultaba críbel que puidese existir alguén como o Naranxo, un pobre de pedir que, na súa tolemia, se consideraba multimillonario e andaba por aí repartindo millóns e “trillóns” (polo visto eran retallos de xornais). Tampouco non cría parte das historias que se lle atribuían. A ver:

“Unha vez o Naranxo comezou a correr e correr en Bergazos, seguiu correndo, correndo, e cruzou Santiso, pasou a toda mecha por Ois Pequeno sen atender a ninguén, chegou ao Vento e colleu cara a Bermés, sen responder a ningunha pregunta nin chamada. Por fin en Bermés, alasando, respondeulle a unha velliña. -Pero que apuro tes, Naranxo? A onde vas?, -Cale, muller, cale, cale e non me enrede. Hai aí unha bala que me vén perseguindo desde Bergazos e, como eu pare, ela píllame.”

A que non credes que sucedese? Eu tampouco. Pero o importante, pois falamos de literatura, é que as historias do Naranxo se foron transmitindo, modificando e ampliando de boca en boca para acabaren sendo literatura de transmisión oral. Anécdotas reais convertéronse en contos. Contos que inicialmente non tiñan nada que ver co Naranxo acabáronselle atribuíndo a el: O Naranxo, non tanto por tolo, senón como por tolo consolidado no sistema literario de transmisión oral, xa era quen de manter e darlle credibilidade a calquera feito incríbel. O “meu” Naranxo dos contos podía correr (ou, mellor dito, pensar que corría) quilómetros e quilómetros, diante dunha bala e iso si que era perfectamente aceptable por min. Eu era neno, pero entendía, como calquera, eses códigos da literatura distintos ao da “realidade”.

Podería contarvos máis historias destas, pero é mellor que o faga

Valenzuela. En *Non agardei por ninguén* inclúese un episodio ao que lle poderíamos chamar “a voda do Naranxo”.

EU.- ¿Ti choraches algunha vez, Naranxo?

NARANXO.- Chorei e mais ben. Chorei soamente unha soia vez, pero foi longa, foi aceda... chorei deica que me recompuxen.

TODOS.- ¿Cómo foi, Naranxo?

NARANXO.- Foi en Lalín, hai tres ou catro anos. Un día ordenei de casar coa filla do Notario. Era un paso moi serio, porque a nena tiña dezaoito anos, e resultaba noviña para min. Penseino ben todo o día. Metinme no medio dunha leira de millo onde ninguén me vira, cavilando, cavilando, cavilando. A eso das dúas da mañá achegueime á igrexa de Donramiro, pegueille un afincón á porta pequena e rubín ó campanario. Agarrei os dous badalos e comecei a mallar nos sinos a canto máis podía. Toda a noite de Deza parecía un trono. Eu repenicaba arreo. Tiña preparado un foguete de lucería que me dera o fogueteiro de Bazar e logo boteime novamente ás campás. De alí a pouco empezou a chegar xente con lanternas e fachicos de palla, por todos os camiños que daban á igrexa. Eran os meus labregos que sabían que eu non os ía deixar sen convidar á voda. Cando coidei que xa non cabía máis xente no adro, deixei de tocar. Dende o alto da torre, díxenlle:

—Meus queridos amigos, homes das miñas labranzas; xente da terra de Deza e de todas as terras do mundo que me pertencen. Quíxenvos chamar para vos dicir eu mesmo que mañá caso coa filla do Notario.

Agarrei o outro foguete de lucería que me quedaba, prendinlle lume e esparexeuse nunha brillante luzada sobre daquel mundo de xente.

Baixei da torre para lle dar unha aperta a todos os meus veciños. Cando cheguei á porta estaban alí dous Gardas Cívís en tricornio mouro. Un agarroume por atrás polos ombreiros e outro empezou comigo ás mascadas diante de todos. A xente toda deu volta para a casa, eu quedei sangrando pola boca e polas ventas.

DÍAZ.- Doeuche moito?

NARANXO.-Dor do corpo non tiven ningún. Doeume a ofensa, doeume o xeito, doeume a vergoña que tal pasei. Xa nin sequera lle fun dicir á rapaza que quería casar con ela. Fuxín de Deza e andei polos camiños, entre xente estraña, chorando como un meniño. Tardei preto de seis meses en me recompoñer, en sosegar o meu ánimo.

DÍAZ.- Agora terás ocasión de tomar vinga dos Gardas que che pegaron.

NARANXO.- Xa tomei vinga ben tomada. Tomeina sen querer, veu soa. Resulta que unha tarde, en que toda a xente estaba na rúa, aparecín por Lalín. Axiña se correu a voz de que eu voltara cando todos xa coidaran que morrera, e comezaron a me dar apertas e cartos e a me querer convidar. A filla do Notario xa casara con outro, e viñeron ela e mais o home para me convidar.

DÍAZ.- ¿E a vinga?

NARANXO.- Diante daquel recibimento eu estaba recomposto, sen xenreira, sen noxo, fuxira o motivo da miña vergoña. Se os gardas eran homes tiña que lles remoer o pesadume.

DÍAZ.- Os Gardas Civís teñen o espírito curtido. As emocións regulamentadas.

NARANXO.- Probe xente logo. ¿Aínda lle queres facer máis dano? (p.75-76)

A min contáronmo ducias de veces e teño a certeza de que, este si, está baseado nunha anécdota real: Unha noite o Naranxo espertou a toda a parroquia de Donramiro, batendo as campás da igrexa; os veciños acudiron á chamada das badaladas e alí atoparon o Naranxo que os informou de que decidira casar coa filla do notario e, malia que ela aínda non sabía nada, a noticia ben merecía un par de foguetes. Iso foi o que ocorreu. A partir de aí, Valenzuela constrúe un relato que pon en boca do propio protagonista (estratexia narrativa, arte e non vida) e engade a intervención violenta da Garda Civil, as lágrimas do Naranxo e a súa rehabilitación persoal e social. Todo iso sobraría se non estivese no contexto concreto que é *Non agardei por ninguén*. Se non estivese enmarcado pola discusión ideolóxica que o agrarista, o galeguista e o comunista (lembrades?) teñen na casa de Soutullo de Reboreda, un espazo no que se acolle a todo o mundo, nun tempo e que todo o mundo anda en retesía, cos falanxistas perseguindo aos tres fuxidos. A bondade violentada, a inxustiza e a altura moral do tolo adquiren significación na rede de elementos que conforman a novela e, por extensión, toda a literatura de Valenzuela.

Poderíamos pensar que Valenzuela se sentiu tan cativado polo tolo que non deu evitado incluílo en todas as súas obras, pero non sería unha explicación satisfactoria.

Tal como tomou anacos da súa propia vida para compoñer os seus protagonistas, Valenzuela tamén tomou anacos do seu ideario para compoñer ao Naranxo da súa obra.. Se collemos a idea e o idealismo con que Valenzuela contempla o mundo e os conducimos -literariamente- á utopía, obtemos o Naranxo. Non é, pois, un disparate afirmarmos que hai máis de Valenzuela no Naranxo dos seus escritos que nos seus protagonistas: naquel esta a cerna do autor, nestes algunhas das súas peripecias.

Como noutros moitos, a ferocidade fascista cebouse en Valenzuela. A súa actividade pedagóxica e o seu activismo político a favor marxidados víronse esfarelados pola sublevación do 36, aquel mozo emprendedor e activo pasou media vida escapándolle á represión e á morte. Non obstante, nas súas novelas non hai rancor, nin palabras especialmente amargas.

Ramón préstalle a anacos de vida aos seus heroes, pero non os dota de amargura, nin rancor. Os seus heroes son carrexados pola corrente dos acontecementos como unha casca de noz na enchente do río. Sobreviven pola súa firme vontade de facelo e porque teñen un horizonte nítido –a loita na que teñen fe, velaí unha expresión favorita de Valenzuela- que os mantén. E igual que carecen de resentimento, tamén evitan a exposición doutrinaria e a diferenciación maniquea entre bos e malos.

Ora ben, ten Valenzuela unha visión tan inxenua e bondadosa do mundo? Estando, como están, a maior parte das súas páxinas ambientadas nos momentos máis brutais do século XX, poden evitar a condena da represión, a cadea e a morte? Poden evitar a condena da guerra e da explotación do home polo home?

Por suposto que non. Non poden e non o fan, e aí hai un boa mostra do talento literario (ese que tantas veces se subordina á súa biografía) de Valenzuela. E aí intervéñ o Naranxo.

N'O *Naranxo* que nos acaba de ler Tamara (publicado en Arxentina, no 1995) o narrador atópase co tolo e manteñen unha conversa sobre os límites da loucura. O Naranxo suscita o tema, pero a resposta élle indiferente (*A min non che me importa moito saber se estou ou non estou tolo. Impórtame soamente facer ben coas miñas riquezas*). E é que no mundo no que el é rei e cidadán soberano, as cousas son ben diferentes e o sistema de valores non ten nada que ver co do mundo que coñecemos. Alí, en Utopía, o Naranxo é propietario de todas as terras, de todos os bancos e, mesmo, dunha estrela que Don Ramón Aller atopa para el. El, o dono e soberano, distribúe esa riqueza e a cambio só pide o máis elemental sustento.

Podemos esperar unha censura máis nítida á inxusta distribución da terra e dos bens? E ao edificio do capitalismo financeiro? Se cadra, só a actual realidade nos pode explicar mellor a crítica que no relato se fai da economía especulativa ao servizo duns poucos..., ou se cadra é ese Naranxo-Valenzuela quen nos mostraba hai sesenta anos a trama criminal

que, disfrazada de crise, estamos vivindo hoxe.

Cada intervención do Naranxo nas obras de Valenzuela vai no mesmo sentido: da contraposición entre a Utopía (a tolemia do personaxe) e a hostil e inxusta realidade social, é esta a que sae perdendo, a que resulta cuestionada e descualificada. Velái o procedemento do autor satírico. Valenzuela non vilipendia, non degrada o mundo que lle tocou vivir, non o quere destruír só o quere cambiar coa educación o coa acción política, por iso non o maltrata con procedementos de sarcasmo bruto. Critica e condena as estruturas da opresión, pero faino con sutileza e humor; ese humor que resulta do enfrontamento entre dous universos (o da cordura e o da tolemia) tan distintos e do noso sorriso cómplice co tolo (co parvo, co inxenuo...).

Porque á fin e ao cabo, onde está a loucura e onde a cordura? No mundo que describen as guerras (a do 36 e a II Guerra Mundial), a represión, o cárcere e a morte? Nese mundo onde se persegue os ensinantes e os intelectuais comprometidos e se explota as masas agrarias e proletarias? É ese o mundo dos cordos? É un tolo o Naranxo? En que mundo é inconcibíbel un “amo” que distribúe a riqueza? En que mundo é inconcibíbel unha sociedade sen marxinaos? Só na tolemia do Naranxo? Só nos soños galeguistas e igualitarios de Ramón de Valenzuela?

Déixovos estas cuestións co ánimo de que volvades ler a obra de Ramón, e, se vos é útil, que ampliades o voso prisma lector con este perfil que vos suxiro.

E para rematar, deixádeme repetir unha síntese que xa fixen noutro lado:

Ramón de Valenzuela sabe como contar (dispón dunha rica bagaxe literaria), ten instrumento con que contar (unha lingua que lle flúe rica e variada) e ten que contar (esas súas “novelescas” experiencias)

Os doce relatos d’ **O Naranxo**, tanto se os consideramos individualmente, coma se –e iso é máis difícil- contemplamos o conxunto, mostran a súa habelencia como construtor de arquitecturas narrativas perfectas. Constitúen, ademais, o “elo perdido” entre a narrativa da Xeración Nós e a Nova Narrativa.

Non agardei por ninguén, de igualmente perfecta arquitectura –esta vez de novela de aventuras- é moito máis que unha novela inaugural. É unha novela con tal equilibrio de forma, contido e estilo que debería ser obxecto de análise demorada nas nosas escolas.

Sospeito que **Era tempo de apandar** é unha novela inconclusa. Sae en 1980, ano en que un cancro de pulmón leva ao noso autor; podo pois imaxinar a Ramón rematándoa e dándoa ao prelo precipitadamente mentres as follas do calendario se apresuraban a caer. Pero é unha análise interna –que non podo facer aquí- a que mo confirma. Aínda que a estrutura de cada capítulo e de cada unidade narrativa en si está perfectamente articulada e calquera deles, individualmente, mantén un excelente ritmo narrativo, o conxunto total dá a sensación de non ser máis que o preludio dunha gran novela. Aquela morte que con tanta insistencia o perseguira non lle permitiu redondear a novela na que Ramón ía confirmar o seu

dominio -tamén- das novas técnicas narrativas.

As bágoas do demo é, en palabras de Luís Pérez Rodríguez, o seu editor, “*unha peza significativa do teatro da emigración*” e poderíamos considerala como o texto que lle pon o ramo a esa época de ouro e ferro que durante un cuarto de século vive o teatro galego na Arxentina.

Finalmente deixádeme citar de novo o Naranxo, cando, nesta última obra lle responde ao Pirulé, un tolo conformista:

Eu estou certo de que teño unha estrela. E se ti estiveras dentro de min, como eu estou..., verías como non hai cousa que se vexa que eu non teña poder sobor dela.

Que a estrela do Naranxo, a estrela do Ciclón, a estrela de Valenzuela non deixe de escintilar! Graciñas.

*NOTA: Está intervención baséase na conferencia que, organizada polo Asociación Adellís, pronunciei en outubro do 2005, ante escolares trasdezaos. Está recollida no volume **Homenaxe a Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela**, publicado en 2006, pola Consellería de cultura e deporte.*



Placido Rozas e Tamara Soto,
interpretan a Muiñeira da Solaina e o Himno de Galicia
na honra de Ramón de Valenzuela

Tres instantáneas de Valenzuela

MANUEL IGREXAS

“Non sei se son eu ou se son todos eles”

Seguindo a cita, para saber quen foi Ramón de Valenzuela quizais haxa que preguntarse quen son todos os que están en Ramón de Valenzuela.

Pretendo facer unha aproximación á persoa do político e escritor a través da figura do seu pai José Valenzuela Ulloa, mediante tres instantáneas en tres momentos da súa biografía para rematar cun pequeno engadido.

Aínda Ramón non ten sete anos feitos, estamos en 1921, o ano do desbordamento da axitación agrarista no Deza coa fundación de moitas sociedades e a celebración de mitins en feiras e parroquias; nese ano créase en Silleda a Agrícola Social Cooperativa. En xuño o pai de Ramón, José Valenzuela Ulloa, foi proclamado candidato para as eleccións a deputados provinciais. O dono do pazo da Viña, de familia fidalga, era fillo de Gerardo Valenzuela Baamonde (sucesor do comandante de Infantería José Valenzuela Ozores -de quen Ramón tirou o apelido do protagonista de *Non agardei*

por ninguén, Gonzalo Ozores) e Mauricia Ulloa Villar (a era tía do astrónomo lalinense Ramón M^a Aller Ulloa).

O médico José Valenzuela vaise presentar a estas eleccións a deputados provinciais como representante dese movemento agrario contra o omnipotente Marqués de Riestra que dominaba a provincia de Pontevedra *-España ten 48 provincias, porque a outra é do Marqués de Riestra-*, é dicir o caciquismo dominante. Os seus apoios van ser nesta ocasión os deputados Luis Rodríguez de Viguri e Carlos Besada, o mesmo fillo do líder do Partido Conservador Augusto González Besada. Finalmente este intento de entrar na Deputación por parte dos agrarios fracasa e, ante a asfixiante presión caciquil, e a segura derrota nunhas eleccións amañadas, os agrarios retiran a súa candidatura.

De feito os antiriestristas volveron intentalo ao ano seguinte e desta vez conseguiron o trunfo nas eleccións municipais en Silleda e Lalín, e cando o caciquismo pretende anular a contundente vitoria dos agrarios, vemos novamente a José de Valenzuela dirixíndose aos seus paisanos no mitin de Bandeira para protestar ante a manipulación da vontade popular. O mitin serviu tamén para presentar a Alfredo Pérez Viondi como candidato agrario para deputado polo distrito da Estrada, onde na altura estaba integrado o concello de Silleda.

A participación de Ramón de Valenzuela nestas campañas anticaciquís custaríalle a súa suspensión como médico municipal pola corporación de Silleda.

Na mente do aínda cativo Ramón de Valenzuela seguramente quedaron algúns destes recordos das duras loitas agrarias dos trasdezaos a principios dos anos vinte. E tamén as primeiras leccións sobre a organización e a mobilización política.

O segundo dos episodios que quería traer onda vós acontece uns anos despois, en 1928 cando a ditadura de Primo de Rivera está chegando ao seu fin. Ramón é xa un mozo de 14 anos que estudaba o bacharelato en Compostela e había acompañar ao seu pai nun dos actos máis singulares que se celebraron na Bandeira. En abril dese ano de 1928, a Comisión da Sociedade Pro-Escuelas de Bandeira, logo de case vinte anos de esforzos e atrancos, realiza o acto de colocación da primeira pedra das obras para a construción da que logo será a Escola da Bandeira. O acto é significativo polas enormes dificultades que tiveron que superar os emigrados da Bandeira para ver materializado o seu proxecto de construción escolar. Atrancos que foron especialmente patentes por parte dos sacerdotes da contorna coa complicidade das autoridades municipais, que xa tiñan pechado algunhas das

escolas da sociedade Hijos de Silleda nos primeiros anos da ditadura, e acusaban aos promotores da escola laica de pretender crear un centro antipatriótico. Pois ben, fora José de Valenzuela o que encabezaba a curta lista de doantes que sufragaron a compra do terreo para a construción da escola moitos anos atrás, en 1912. Con 150 pesetas figura o médico da Viña e con cantidades algo menores outros tres veciños. Tamén hai que destacar a intervención do agrarista Emilio Alonso Paz, o que logo sería alcalde de Silleda na República, que tivo unha decisiva participación na solución da denuncia que o clero e as autoridades fixeron contra *Pro-Escuelas en Bandeira* no momento de iniciar a construción do edificio escolar.

Foi nesta Escola de Bandeira onde Valenzuela realizou moitas das súas actividades culturais, sociais e políticas. Alí naceu a súa vocación polo teatro, pois formou en 1933 con outros mozos un cadro teatral chamado *Alborada*. Nese mesma escola ensaiaban e alí chegaron a representar as obras *O Fidalgo* e *Nicotina*.

Pero tamén foi a Escola de Bandeira a sede do *Grupo Galeguista de Abades* que organizou Valenzuela, con xentes das parroquias de Abades, Mánduas, Moalde e Lamela. Por certo, un dos grupos máis numerosas do Partido Galeguista e o que contaba con maior proporción de labregos e no que tamén estaban encadradas algunhas mozas. De feito, cando a Pro-Escuelas decide pechar

a escola no verán de 1934, deixa en mans do Grupo de Abades a xestión do local e da súa biblioteca para organizar clases nocturnas de cultura galega e teatro. A escola transfórmase en Biblioteca popular, e sede das organizacións políticas de esquerda, converténdose nunha Casa do Pobo na que se organizan actos políticos e culturais. Mesmo chegou a funcionar como museo, onde algúns mestres levaban os seus alumnos para darlles clases co material escolar da que a dotaran os americanos.

O terceiro dos cadros que quería traer ante vós é un de aspecto ben diferente. Diferente porque acontece xustamente despois da sublevación militar do 18 de xullo de 1936

Nestes anos trágicos da guerra mentres Ramón de Valenzuela estaba no Cuartel de Cáceres e mesmo antes de pasarse ao bando leal en decembro de 1937, o seu pai, o médico municipal José de Valenzuela volve ser suspendido de emprego e soldo pola nova corporación franquista que preside Manuel García Cerviño.

Valenzuela conta en *Era tempo de apandar* como a súa familia tivera que empeñar as vacas no valuro do Bazar para poder afrontar algúns pagos que, supón, serían multas. Pois as multas aos que non contribuían “voluntariamente” ás múltiples subscricións para soste o novo Estado e o esforzo da guerra,

era outro dos xeitos usados polos franquistas para castigar economicamente aos que non consideraban partidarios do réxime, é dicir, os “desafectos”.

Tamén conta nesa novela a detención do seu pai e o seu irmán cando chega a Silleda a noticia de que se pasara ao bando republicano. E, como aínda que a súa primeira intención ao saír da cadea de Ávila era fuxir clandestinamente cara a América, a pesar de estar en liberdade vixiada, desistiu dese propósito ante o temor ás represalias que poderían caer sobre a súa familia por estes feitos.

Isto fainos reflexionar sobre a outra faciana da represión e serve para entender por que a pesares de que moitos dos soldados de emprazo puidesen ter a idea de pasarse ao bando leal, non se atreveron a facelo.

Despois de sinalar estes tres fitos que considero esenciais para entender a biografía de Valenzuela: O agrarismo como factor de mobilización política, as sociedades de emigrados como impulsoras e mecenas da cultura, e a represión como unha pegada permanente; quixera simplemente chamar a vosa atención sobre un dos aspectos da biografía do noso homenaxeado que aínda permanece nas sombras.

Como seguramente todos coñecedes, logo de combater co exército republicano e trala derrota, Ramón pasa a Francia, onde traballa para a espionaxe francesa. Coa ocupación do país galo polos nazis, foi capturado pola Gestapo, que llo entregou ás autoridades franquista para ser xulgado en España. Condenado a vinte anos e un día por deserción na prisión de Ávila, sae en liberdade condicionada a principios de xaneiro de 1942.

Chamo a atención sobre esta data porque na maioría do que hai escrito sobre Valenzuela afírmase que este permaneceu catro anos en prisión (1941-1945). El mesmo di en *Era tempos de apandar*:

“Cando saín da cadea deixaba alí, ademáis do petate, cáseque catro dos meus mellores anos mozos”

Pero como lles acabo de contar, Valenzuela só estivo pouco máis dun ano preso e saíu en liberdade a principios de 1942. Parece que regresou á casa paterna no Pazo da Viña e permaneceu alí algún tempo até que atopou un traballo en Vilalonga como xerente dunha barreira, propiedade da familia do que sería o seu sogro Elpidio Villaverde.

E nestes anos na Bandeira Valenzuela non permanece inactivo politicamente. Contactou cos compañeiros das Mocidades Galeguistas que nesa altura estaban traballando nun intento de


reconstitución do Partido Galeguista na clandestinidade, proceso no que Ramón debía ter un peso fundamental. Cando en 2009 se lle dedicaron as Letras Galegas a Ramón Piñeiro viron a luz algunhas informacións, iso si, moi poucas e nada concretas sobre eses intentos de reconstitución do galeguismo.

Parece que foi Ramón Piñeiro quen iniciou os contactos con Fernández del Riego, Gómez Román, Plácido Castro, Ánxel Fole, Mariñas del Valle, Carballo Calero e Illa Couto; e quen rexeitou unha proposta de Valenzuela de reconstruír o Partido Galeguista na órbita da Unión Nacional, formada unicamente por partidos do bando republicano e que estaba controlada polos comunistas. Pouco sabemos de como se desenvolveron eses contactos e esas discusións. Pero sábese que houbo unha reunión en Vigo entre Piñeiro e Valenzuela nos anos 1943 ou 1944 que foi determinante para rexeitar os propósitos do noso homenaxeado e encarrear a reconstitución do PG por uns vieiros máis culturalistas e lonxe da acción política. Descoñecemos a versión de Ramón sobre estes contactos. Pero o certo é que na xuntanza definitiva de reconstitución do PG que ten lugar en Coruxo 22 de xullo de 1945, Valenzuela non está presente.

Poderíamos facer unhas vidas paralelas Ramón Piñeiro – Ramón de Valenzuela e falar de dúas liñas políticas entre as que se estableceu o debate do galeguismo neses anos corenta. O certo

é que se a proposta de Valenzuela non fose derrotada, quizais a historia do galeguismo e parte da Historia de Galicia sería hoxe diferente.

Agrado que algunhas destas cousas que lles contei axuden a explicar un pouco mellor por que Valenzuela *Non agardou por ninguén*.



Xan Leira, director do documental:
Ramón Valenzuela, as olladas da esperanza,
entre Carmen Lareo e Alonso Montero

Documental
RAMÓN VALENZUELA,
AS OLLADAS DA ESPERANZA

Guión, Dirección e produción executiva:

Xan Leira

Produción: Diana Reiter

Ano: 2014

Música: Enrique estrada

Realización e Montaxe: Ariel Nax

Produtora: Acuarela Comunicación S.L.

Entidades colaboradoras: Secretarías Xerais de Cultura e Normalización Lingüística da Xunta de Galicia

SINOPSE

Ramón de Valenzuela Otero (Silleda, 3/10/1914 - Sanxenxo, 27/10/1980) foi un intelectual galeguista que converteu a súa traxectoria vital e política nunha parte irrenunciable e fornecedora da súa propia obra literaria.

Mestre, escritor, xornalista, locutor de radio, tradutor, actor... e sempre político comprometido coas máis diversas e duras tarefas sociais, culturais

e políticas que impuña a traumática realidade galega que lle tocou vivir na meirande parte do século XX. Dende moi novo foi membro dos Ultra, das Mocidades e do Partido Galeguista, do Seminario de Estudos Galegos e participou activamente na campaña polo estatuto de Autonomía de Galicia. Membro activo e destacado da Fronte Popular na comarca de Lalín, sofre a cadea tralo levantamento militar de 1936 e co devir da historia converte á súa propia vivencia nunha historia rica en feitos e obras: alístase no exército franquista para pasarse ao bando republicano; ten unha actuación destacada na milicia popular; tralo fin da Guerra Civil pasa co exército republicano aos campos de concentración en Francia; é detido pola Gestapo na ocupación de Francia e trasladado a España onde é condeado a 20 anos de cadea; finalmente, en 1949 exiliase á cidade de Bos Aires. Todos estes, anacos dunha vida chea de sucesos e acontecementos que converterán a Ramón Valenzuela, na cidade do Plata, en secretario de Daniel Castelao e nunha figura salientable do pórtico de galegos e galegas que no exilio loitaron por unha terra mellor.

Na cidade do Plata é acollido pola forza solidaria do galeguismo e polo ritmo trepidante da vida política e cultural porteña co empurran cara novas tarefas e inquedanzas emprendidas, fundamentalmente, ao redor da Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais e das iniciativas desenvoltas polo grupo de Luis Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Isaac Díaz Pardo.

O seu ingreso ao PCE en 1962 marca un cambio nas súas perspectivas e finalmente retorna á península en 1966 e instálase en Madrid, onde bulía o galeguismo dos mozos e mozas vencellados ao Grupo Brais Pinto e a resistencia ao franquismo.

A súa participación nas candidaturas do PCG ás eleccións xerais de 1979 pecha a súa vida política. En 1980 publícase a súa novela *Era tempo de apandar*, onde narra as súa vicisitudes despois da Guerra Civil, e morre o 27 de outubro do mesmo ano en Adina, Sanxenxo.

TESTEMUÑAS:

María Victoria Villaverde

Xesús Alonso Montero

Xosé Neira Vilas

Carlos Bernárdez

Pilar Freitas

Modesto Hermida

Manuel Iglesias

Enrique Acuña.



Intervención de Celso Fernández Sanmartín.
Contos que non faltan

*Curo dos contos e das historias da vida da xente coma o neno
pastor da facenda no monte*

O lobo anda no aire, os paxaros ó seu, e quen pasa, para e fala

Cada ovella ten súa la, cada noite seu soño

Cada día seus traballos

Cada ansia súa espera

Celso Fernández Sanmartín



BELÉN QUINTEIRO



CONSUELO SOUTO



MONCHO NELA



ROSALÍA MORLÁN



**XOSÉ CARLOS
CARRACEDO**

RECITAL POÉTICO

DALÍ PINTABA RELOXOS PARA MATAR O TEMPO

Pretendimos fuxir das horas

Aínda sabendo que viviamos na súa casa.

E, malia pisar forte

Para darlle a nosa figura ós días,

E andar con pés de lá

Para que non nos escoitaran,

Nunca conseguimos que o tempo

Fose oque a tentas marcaban

As agullas dos reloxos de area.

Belén Quinteiro

LUDOVICO

--Levo toda a noite pensando coma un tolo:

tocas o violoncello, dacordo;

pero, ¿canto che falta para tocar o ceo?

--Non se pode tocar o ceo,

nin sequera a poesía

ten mans tan pequenas.

Belén Quinteiro

O NOME EXACTO

Os deuses levaban anos

pensando en como chamalo;

tras non achar ningunha palabra

decidiron que fose “amor”.

Mais nós, só nós

sabiamos a verdade:

o silencio é o nome exacto.

Belén Quinteiro



Amelia Ferreiroa Cuñarro,
entre Xabier Parcero e Carmen Lareo,
agradece a Medalla Amiga da Solaina 2016



Manuel Nuñez Fiuza
coa Medalla Amigo da Solaina 2016

EN NOITE DE LÚA

Mireite na noite clara
mireite en noite de lúa,
con musiquiña de fondo
tan lonxe da vida túa.

Tan lonxe pero tan preto
tan preto que hasta podía,
acariñar a túa cara
coa palma dunha man miña.

Mireite en noite de lúa
como miras unha estrela,
que a ollas tan fermosa
pero nunca podes tela.

Mireite como se mira
as olas que andan no mar,
que aínda que elas te mollan
non as podes apreixar.

Como o paxaro que voa
sin cansarse po lo ceo,
como a mirada que escapa
dos teus ollos hata os meus,

Mireite en noite de lúa
mireite co corazón,
para contarche calada
o que eu te quero amor.

Consuelo Souto

EU QUERÍA SER POETA

Eu quería ser poeta
pero escribir non sabía,
sabía poñer as letras
pero non facer poesía.

Chorei e chorei calada
po los recunchos fuxida,
con bagoas de sentimento
con pena na alma miña.

Entón un día de choiva
de esos que se fan tristes,
saeu o sol de repente
e nun raiño traía.

Unha fada, a dos soños
que o ver que estaba tan triste,
achegouseme calada
e dixome con unha sonrisa.

Non rebusques entre as verbas
se queres facer poesía,
escoita o teu sentimento
abre o corazón e escribe.

Dende aquela xa non choro,
dende aquela só escribo
deixando o meu sentimento
aínda que non sexa poesía.

Consuelo Souto

ODA Ó OURIOLO

No eco da frondosidade
resoa o teu xenuíno
cantar, ¡billao garrido!,
de ouro sempre vestido,
oureolo, tiroliro.
¡No castiñeiro alto
entre a ramaxe escondido
cantas á mañanciña
afinando por entre as follas
o inconfundible asubío!
¡Xa chegou o papafigo!
Merlo rei, mil péndora
soltando cores por riba
das árbores ¡xa o verde brilla!
Merlo gaiolo, domingo lirón. Colgado o niño
da punta das pólas, ben escondido,
fai esparramar soños ós nenos o seu contido,
da cor do ouro, do sol.
Vichelocrego, maría rosa, ouripenlo,
como si cada un tivese
nome propio,
riádigo, galo cireixeiro,
figo rodrigo

quen o viu pousar de cerca
quedou pra sempre prendido.
No seu niño por dedentro
teno todo revestido
de ouro que vai carrexando
cando vai beber ós ríos,
pra que os seus fillos se envorquen
e saian todos vestidos
de dourados soños limpos
a xogar cos picariños.

Moncho Nela

ARRIEIROS

Dende esta xanela que da ó suroeste
ollando ás afastadas faldras do Candán,
onte e mais antonte cuberto de ramas
feras alimañas reinaban de seo.

Van os arrieiros de Marín cantando
por Terras de Montes camiño do viño
coas recuas das bestas subindo o Paraño
cargadas con foles pra abasto do ano.

Chegada a noiteña crebouse o silencio
co oubeo dos lobos que berran famentos;
por entre os piñeiros tanxidos os ventos
semellan pantasma laiando os tormentos
parecendo mesmo que perden o alento
e atranca os sentidos o medo ós ouveos.

E pra escorrentar arrepíos funestos
arrancan cantares, trasteiros ailelos
e o vento da serra traslada os lamentos
que van espallando por terras pra dentro.

Lobos nos cavorcos fican agochados,
no afastado as xentes escoitan calados,
cadencia do canto que os deixou coitados,

corazóns que quebran ós ritmos dos fados...

Pero todo iso foi onte e antonte,

hoxe tan só é, un canto afastado,

que sigo escoitando alén do Paraño

ollando ó Testeiro, mentres van cravando,

Serra do Candán, no teo lombo cravos.

Moncho Nela



Lucho e Andrés preparan un ágape enxebre que é amenizado por Meijomence e o seu acordeón



O grupo de gaitas “Vainela Salgueiros”
no concerto homenaxe a Valenzuela

24 DE XULLO DE 2013

Non chove en Santiago, non chove,
son bágoas
que percorren as casas, as rúas, as prazas,
bágoas enchidas de dor, importencia, rabia.

Non chove en Santiago, non,
son bágoas
que caen con amargura
e beliscan as pedras con mágoa,
mentres moi preto, os rasís calan.

Non chove en Santiago , non,
son bágoas.

No ceo de Compostela
tornouse escura a noite máxica,
a Berenguela , doida
racha o ceo desacougada.

Pena, tristeza, amargura,
laiase a noite anoxada.
Nun intre esvaironse os soños,
de súpeto a vida para.

Non chove en Santiago, non,
son bágoas.

Moi preto de Compostela
o vento desfaise en bágoas,
e na curva da Grandaeira
alí... alí os raís calan.

Unha raiola feble
achegase ata a Quintana,
mentres a lúa moi triste
dalle apertas de esperanza.

Non chove en Santiago, non
son bágoas.

Rosalía Morlán Vieites

SOAMENTE TÍ, MEU MAR

Enfádase o vento
porque percorres o meu corpo
e quítasme o alento.
Ti xogas, eu rio,
vas e vés
doce, inquedo, tenro.
Así como as gaivotas xogan coas nubes
ti reboles no meu pelo,
maxia, misterio, fermoso murmurio,
pelexas co aire , acariñas á area,
enfádase o vento,
só ti es quen de romper os meus silencios.
Gústasme cando te vistes de espuma branca
e berras, brincas alto,
ao lonxe parecec beliscar o ceo,
agarimoso mar, arrolo da noite
acougo dos meus sentimentos,
canta maxia hai nos teus laídos
cantos segredos agochan
as túas ondas mar a dentro.
Cantos queixumes,
cantos soños nos teus silencios ,
enfádase o vento

porque soamente ti
es quen de quitarme o alento,
soamente as túas mil cores
son quen de parar o tempo.
Quero pechar os ollos
agochada por sabas de espuma branca,
e coas túas apertas salgadas
bailar coas ondas
e deixar voar ós sentimentos,
soñar; sentir, soñar, rir; soñar,
soños con sabor a sal
aínda que se enfade o vento ,
porque soamente ti , meu mar
soamente ti
es quen de quitarme o alento

Rosalía Morlán Vieites

MARI POPPINS.

Mari Poppins perdeu o paraugas.

Xa ninguén sabe voar...

En que nimbo Mari Poppins durmirá?

Verne e Fogg dialogan.

- Como dar a volta ao mundo?

Imaxinan un paraugas?

Camiñando entre precipitacións

soña Cunqueiro,

chove e delira,

mollando a auga.

Terá barba branca o esquelete de Merlín?

Que mariñeiro navegará con Sinbad?

Como se conserva a cinza na manga dun vello?

Cubrirame alguén da choiva?

D. Álvaro esgrime os seus versos cun paraugas

que desborda a poesía da terra.

Pero, onde ficará Mari Poppins?

Xosé Carlos Carracedo Porto.

